

Teatro en Bande

A representación das nenas e os nenos de segundo ciclo, un gran éxito.

Está claro que no colexio hai grandes actrices e actores. Despois de ensaiar durante varias semanas, correxindo esto, aquilo e aquilo de máis alá, a obra estaba preparada, e alá se foron a Bande a

representala.

Todo saíu de marabilla e os aplausos demostraron que lle encantou ó público. A verdade é que o fixeron moi ben.

A seguir ensaiando para facer máis obras así.



Artistas en plena representación.

Granxa escola en coles.

Non só en Lobios hai animais.

O bus deixounos á porta da granxa escola, na que pola mañá estivemos a ver os animais. Bois cos cornos moi longos, porcos que tiñan problemas para manobrar, etc.

Despois visitamos os museos da casa, para un pouco máis tarde sentarnos a comer unhas empanadas que prepararan no colexio e os bocadillos que levabamos da casa.



Os cabalos de paseo.

A semana solidaria.

Carreira e charlas acercáronnos un pouco ós máis desfavorecidos.



Auxiliadora contounos os problemas cos que se atopou o tempo que estivo de misioneira no Congo.

Organizáronse varias actividades nesta semana para intentar que os alumnos e as alumnas tivesen unha visión máis clara dos problemas que existen nalgúns dos países que menos recursos temos.

Por unha parte organizouse a

carreira solidaria. Os comercios de Lobios patrocinaron o paseo urbano, no que se recaudaron fondos para os países desfavorecidos.

Tamén recibimos a visita de dous misioneros. Isaac que estivo en Senegal, e